



PLAN DI XITAL

**CEIP EMILIA PARDO BAZÁN
A CORUÑA
15021627**

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimiento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CEIP Emilia Pardo Bazán está situado na Travesía de Los Rosales nº1 no Concello de A Coruña. O centro comeza a súa andadura no curso escolar 1979/1980. Durante estes corenta anos o centro sufriu importantes modificacións, ampliacións e cambios con respecto á procedencia do alumnado e as familias.

A situación socioeconómica das familias do centro corresponde a un nivel medio-alto e unha pequena porcentaxe de nivel medio-baixo que se beneficia de programas de axuda levados a cabo polo Concello e outras asociacións. Nun importante número de familias traballan os dous proxenitores o que fai necesario o desenvolvemento dun plan de axuda para a conciliación da vida familiar e laboral. No centro funciona un programa de madrugadores e comedor escolar xestionado pola ANPA ademais dunha ampla oferta de actividades extraescolares. A lingua maioritaria é o castelán.

O centro consta de tres edificios, un destinado a Educación Primaria, administración e despachos, un aulario de Educación Infantil e o antigo edificio de Educación Infantil adicado agora exclusivamente a actividades extraescolares. O centro emprega o pavillón polideportivo do Concello para as clases de Educación Física durante o horario escolar.

Case a totalidade do profesorado ten destino definitivo no centro o que fai un grupo sólido e estable e con moi boa disposición/ implicación en diversos plans e proxectos. O claustro de profesores/as está composto por **52** membros.

O centro conta con tres liñas de Educación Infantil e Primaria, cunha media nos últimos anos de 600 alumnos/as cunha ratio en torno ós 25 alumnos/as en todas as unidades. A maioría do alumnado é de nacionalidade española, unha pequena porcentaxe pertence a etnia xitana e un 20 % é alumnado de neae.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Plan Dixital enténdese como un instrumento que debe favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensino-aprendizaxe como no resto de procesos de xestión do centro, sempre co obxectivo de colaborar no desenvolvemento integral do alumno/a. Será, por tanto, un instrumento que se integre no Proxecto Educativo e na Programación Xeral anual de modo que se convierta nun proxecto compartido por todos os membros da comunidade educativa, que dé coherencia e guíe o uso das tecnoloxías.

O centro ten unha ampla traxectoria de participación en programas de innovación que dan resposta as necesidades detectadas no propio centro e se enmarcan dentro do seu Proxecto Educativo.

PLAMBE Plan de mellora de Bibliotecas escolares	Línea 3.0 Biblioteca e familia Clubs de lectura Radio Escolar
---	--

Proxecta +	Escola Verde
Proxecto E-Dixgal	Entorno virtual de aprendizaxe para 5º e 6º de Educación Primaria (dende o curso académico 2015_2016)
Plan de fomento do uso do galego	
Contratos programa	Plan Recupera INCLÚE-T EMOCIONA-T
Proxecto documental integrado	<i>O noso oceanográfico</i> (curso 2021_2022)

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo con establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións par o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obligatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Co fin de promover e garantir o desenvolvemento dun marco de acción que permita acordar e coordinar diversos aspectos que afectan ao uso das tecnoloxía na educación, desde aqueles relacionados con cuestións organizativas, ata outros más pedagóxicos e propios dos procesos de ensino e aprendizaxe a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, establece as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidades Autónoma de Galicia.

A referencia fundamental para que os centros desenvolven o seu potencial dixital a través dun Plan é o Marco Europeo para Organizaciones Educativas Dixitalmente competentes

(DigCompOrg), do Centro Común de Investigación (JRC, Joint Research Centre), da Comisión Europea.

1.4. Proceso de elaboración

No centro constitúese cada curso académico unha comisión TIC encargada de colaborar na implantación, no desenvolvemento e mantemento dos recursos tecnolóxicos do centro.

O centro participa dende hai anos en programas de formación do profesorado (PFPP) relacionados coa creación de actividades, a integración das TIC nos programas formativos e a súa difusión no centro.

Durante o presente curso 2021_2022 a comisión TIC recibiu a encomenda de traballar no deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital de centro seguindo as directrices da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A consellería creou un espazo virtual onde mentores e centros traballaron xuntos para elaborar o Plan Dixital. <https://www.edu.xunta.gal/centros/plandixital/aulavirtual/>

Todo o proceso de deseño, elaboración, dinamización e desenvolvemento estivo apoiado por un *equipo de apoio dixital (ADIX)* de zona. A participación do equipo ADIX foi fundamental no proceso de formación e logo no traballo a realizar co Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

ESPAZOS	ORDENADOR SOBREMESA	ORDENADOR PORTÁTIL	PIZARRA DIXITAL	PROXECTOR	TABLETA
EDUCACIÓN PRIMARIA					
ADM	1				
XE		1			
DIRECCIÓN	1				
SECRETARÍA	1				
BIBLIOTECA	5			1	
SALA DE PROFESORES	4				
1º A		1	1	1	
1º B		1	1	1	
1º C		1	1	1	
2º A		1	1	1	
2º B		1	1	1	
2º C		1	1	1	1
2º D		1	1	1	1
3º A		1	1	1	
3º B		1	1	1	
3º C		1	1	1	
4º A		1	1	1	
4º B		1	1	1	
4º C		1	1	1	

5º A		1	1	1	
5º B		1	1	1	
5º C		1	1	1	
5º D		1	1	1	
6º A		1	1	1	1
6º B		1	1	1	
6º C		1	1	1	
ORIENTACIÓN		1			
AULA ESP.	1		1	1	2
PT 1	1				
PT 2	1				
AL 1	2				
AL2					
BIBLIOLAB		1	1	1	
AULA RELIXIÓN 1					
AULA RELIXIÓN 2					
RADIO					
AULA DE MÚSICA	1				1
EDUCACIÓN INFANTIL					
SALA DE PROFESORES	2				
4º A		1	1	1	
4º B		1	1	1	
5º A		1	1	1	
5º B		1	1	1	1
5º C		1	1	1	
6º A		1	1	1	
6º B		1	1	1	
6º C		1	1	1	
AULA RECURSO		1	1	1	
PT 1	1				
AL 1	1				
XIMNASIO	1		1	1	

INFRAESTRUTURA DIXITAL

Infraestrutura de datos (conectividade a internet)

Primeiro andar en Educación Primaria conexións fixas de rede

Segundo andar en Educación Primaria conexións wifi

Terceiro andar en Educación Primaria 1 aula con conexión fixa (EDIXGAL) e o resto con conexión wifi.

No Aulario de Educación Infantil hai conexións fixas en todas as aulas e tamén na sala de profesores/as.

Infraestrutura de voz (telefonía)

Centraliña de teléfono fixo con a lo menos 4 liñas (dirección, orientación, secretaría e administración).

2 teléfonos móbiles

EQUIPAMENTO (Conxunto de dispositivos tecnolóxicos cos que conta o centro para o desenvolvemento das funcións docentes)

Aulas dixitalizadas: con conectividade e posibilidades de visualización e interacción.

Un total de 20 aulas en Educación Primaria e 9 aulas en Educación Infantil

Proxecto educación E-Dixgal en 5º e 6º de Educación Primaria que se implanta no curso académico 2015_2016 e continúa actualmente. RESOLUCIÓN do 21 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital E-Dixgal durante o curso 2015/16.

Postos de traballo de xestión e administración do centro. 1 posto de administración e un posto de Secretaría ambos con ordenadores de sobremesa e maqueta ABALAR.

Uso na biblioteca: 4 ordenadores de sobremesa para consulta e traballo por parte do alumnado, 1 ordenador de sobremesa para xestión de préstamo.

Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos 4 equipos de sobremesa na sala de profesores de Educación Primaria e 2 ordenadores de sobremesa na sala de profesores de Educación Infantil.

SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS

AulaVirtualMoodle (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipemiliapardobazancoruna/aulavirtual/>) onde se crean ambientes de aprendizaxe personalizados para cada curso ou aula. Nestes momentos é usada maioritariamente polo alumnado dos cursos de 3º e 4º de Primaria como paso previo para o traballo con E-dixgal no seguinte ciclo educativo.

Correo Corporativo (edu.xunta.es) é o webmail oficial para calquera traballador vinculado á Xunta de Galicia.

Páxina web <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipemiliapardobazancoruna/> Drupal

O centro emprega EspazoAbalar para o intercambio de información entre o profesorado e as familias de forma doada e rápida.

XESTIÓN E MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO: Nun primeiro momento pásanse as deficiencias ao mestre que fai de asesor Abalar do centro que avalía a mesma para ver se é quen de solucionalo ou precisa do arranxo por unha empresa externa.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Resultado do **SELFIE** informe de auto-reflexión no que participaron o Equipo directivo, o profesorado e o alumnado (de 4º a 6º de Educación Primaria)

A continuación figura a media das respostas por cada grupo (equipo directivo, profesorado, alumnado) para cada unha das 8 áreas analizadas.

O centro conta co informe e os gráficos completos dos resultados acadados na ferramenta SELFIE a disposición de todo aquel que o queira consultar, a continuación aparece un extracto do mesmo.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	3,5				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	4				
D- Desenvolvimento profesional continuo	Equipo Direct.	4,1				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoyo e Recursos	Equipo Direct.	4,2				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	3,6				
G- Prácticas de evaluación	Equipo Direct.	2,9				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	3,9				

Resultado do test **CDD** cuestionario de auto-reflexión do profesorado sobre o seu nivel de competencia dixital.

O centro conta co informe e os gráficos completos dos resultados acadados no test CDD a disposición de todo aquel que o queira consultar, a continuación aparece un extracto do mesmo.

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	14	35	40,00%
PROVISIONAL	4	6	66,70%
INTERINO		2	
SUBSTITUTO	1	4	25,00%
DESPRAZADO		5	

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
80,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>85,6</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
PRI	<u>88,6</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>6</u>	<u>31.60%</u>
B1	<u>7</u>	<u>36.80%</u>
B2	<u>5</u>	<u>26.3%</u>
C1		
C2	<u>1</u>	<u>5.30%</u>
TOTAL	<u>19</u>	<u>100.00%</u>

2.3. Análise DAFO

O DAFO é unha ferramenta que nos permitiu analizar a realidade do centro en relación ás TICs - neste caso- para deseñar a continuación a estratexia que nos leve a potenciar as nosas fortalezas, superar as nosas debilidades, controlar as ameazas e beneficiarse das oportunidades.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	O centro conta con infraestrutura e equipamento dixital axeitado na maioría das aulas (C1, C2, C3, C5, C8)	Actualización do equipamento dixital obsoleto nas aulas (c)
	PERSOAL DOCENTE	Profesorado do centro con formación para desenvolvemento de actividades TIC (D1) Facilidade para buscar recursos educativos en liña (E1) Existen canles de comunicación dentro da nosa comunidade educativa (E4)	Escaso traballo interdisciplinar (F6) Pouca implicación/interese do profesorado en aspectos relacionados coas TICs (D)
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Que o alumnado considere que ten boa formación TIC (H)	

	FAMILIAS	Familias con interese na formación e no coñecemento das TIC	
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A formación dixital deséñase no propio centro a través do PFPP (D1) O claustro conta coa axuda e apoio do equipo directivo par o Desenvolvemento Profesional Continuo (D1, D2)	Falta dunha estratexia dixital no centro (A1)

	EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS			
	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Formación dixital continua para o profesorado (D1, D2, D3) Adaptación do horario para o ensino-aprendizaxe da competencia dixital (F1)	Demasiadas tarefas administrativas e poucas pedagóxicas (F) Modelos de financiamento inadecuados, non hai dotación específica para TICs (A1)
	LEXISLACIÓN		Cambios lexislativos constantes (A, D, F, G) Ratio profesorado- alumnado elevado (F, G, H)
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	Creación de canles de axuda e asesoramento entre o profesorado do centro e de outros centros (B, E)	

3. Plan de Acción

O Plan de Acción tivo en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do propio documento. Consideramos que a consecución dos obxectivos e accións formulados a continuación, suporán unha mellora na organización e no uso que facemos dos nosos propios recursos, con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar.

Sabemos, ademais, que o catálogo de recursos está en constante evolución polo que se ten en conta o carácter flexible de este documento e a posibilidade de reformular cambios adaptados ao novo material do que se dispoña en cada momento.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Tras o análise DAFO establecemos unhas áreas de mellora en relación coas do marco Dig CompOrg, nas que incidir no próximo curso.

Obxectivos do Plan de Acción

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA, APOIOS E RECURSOS.					
OBXECTIVO 1:	ELABORAR DUN BANCO DE RECURSOS EDUCATIVOS NA AULA VIRTUAL PARA CONSULTA E UTILIZACIÓN DE TODO O CLAUSTRO			Acadado	
Responsable:	COORDINADOR TIC			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	NÚMERO DE RECURSOS EDUCATIVOS CREADOS/ENGADIDOS				
Valor de partida:	O VALOR DE PARTIDA É 0				
Valor previsto e data:	O VALOR PREVISTO SON 2 RECURSOS DIXITAIS POR NIVEL		20 DE XUÑO DE 2023		
ACCIÓN S A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO1.1: CREACIÓN NA AULA VIRTUAL DO CENTRO UN ESPAZO COLABORATIVO PARA SUBIR RECURSOS EDUCATIVOS	COORDINADOR TIC	20 DE DECEMBRO DE 2022	CONEXIÓN A INTERNET ORDENADORES		
				Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO1.2: CREACIÓN DUN PFPP PARA AFONDAR NO USO DE FERRAMENTAS PARA A CREACIÓN DE RECURSOS	EQUIPO DIRECTIVO	20 DE XUÑO 2023	CONEXIÓN A INTERNET ORDENADORES PARTICIPACIÓN DO CLAUSTRO ASESOR CFR		
				Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO1.3: PUBLICAR OS RECURSOS NO EXPAZO	COORDINADOR TIC EQUIPO DIRECTIVO	20 DEXUÑO 2023	CONEXIÓN A INTERNET ORDENADORES		
				Realizada	
				Aprazada	

CREADO			PARTICIPACIÓN DO		Pendente	
--------	--	--	------------------	--	----------	--

“Área/s de mellora”: COLABORACIÓN E REDES (B)						
OBXECTIVO 2:	PROMOVER O USO DA AULA VIRTUAL POR PARTE DO PROFESORADO				Acadado	
Responsable:	COORDINADOR TIC, EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	NÚMERO DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO CO ALUMNADO NA AULA VIRTUAL DO CENTRO POR DOCENTE					
Valor de partida:	O VALOR DE PARTIDA É 1					
Valor previsto e data:	O VALOR PREVISTO SON 6 ACTIVIDADES REALIZADAS CO ALUMNADO POR DOCENTE			20 DE XUÑO DE 2023		
ACCIÓN S A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: REALIZAR UNHA REUNIÓN PARA DAR A COÑECER AS POSIBILIDADES QUE A AULA VIRTUAL OFRECE PARA OS DIFERENTES NIVEIS (INFANTIL E PRIMARIA)	COORDINADOR TIC EQUIPO DIRECTIVO	22 DE DESEMBRO DE 2022	ESPAZO DE REUNIÓN CONEXIÓN A INTERNET ORDENADORES		Realizada	
	COORDINADOR TIC	22 DE DESEMBRO DE	CONEXIÓN A INTERNET		Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	

AO2.2: CREAR OS CURSOS E MATRICULAR Ó PROFESORADO E Ó ALUMNADO		2022	ORDENADORES		Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: PUBLICAR ACTIVIDADES NOS CURSOS CORRESPONDENTES DA AULA VIRTUAL	PROFESORADO	20 DE XUÑO DE 2023	ACTIVIDADES CREADAS CONEXIÓN A INTERNET ORDENADORES		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: TRABALLAR CO ALUMNADO NAS ACTIVIDADES CREADAS	PROFESORADO	20 DE XUÑO DE 2023	ACTIVIDADES CREADAS CONEXIÓN A INTERNET ORDENADORES		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: COLABORACIÓN E REDES (B)

OBXECTIVO 3:	ACTUALIZAR E MANTER EFICIENTEMENTE A PÁGINA WEB DO CENTRO	Acadado	
Responsable:	COORDINADOR TIC, EQUIPO DIRECTIVO	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	ESTADO DOS CONTIDOS DA PÁGINA PRINCIPAL		
Valor de partida:	A PÁGINA WEB TEN CONTIDOS VELLOS A ELIMINAR E ESTÁ DESESTRUTURADA		
Valor previsto e data:	A PÁGINA WEB PERMITE A TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA O ACCESO ÓS CONTIDOS DE FORMA RÁPIDA E SINXELA. OS CONTIDOS DA PÁGINA PRINCIPAL SON ACCESIBLES E ESTÁN ACTUALIZADOS.	20 DE XUÑO DE 2023	

ACCIÓNES A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORIZACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO3.1: REESTRUCTURAR OS BLOQUES E OS MENÚS DA PÁGINA WEB EXISTENTE PARA FACILITAR O ACCESO DE FORMA MÁIS SINXELA ÓS CONTIDOS	COORDINADOR TIC EQUIPO DIRECTIVO	FIN DO 3º TRIMESTRE DO CURSO 22/23	CONEXIÓN A INTERNET ORDENADORES		Realizada
AO3.2: ELIMINAR DA WEB CONTIDO VELLO PARA FACER AS PROCURAS MÁIS ÁXILES E SINXELAS.	COORDINADOR TIC	FIN DO 3º TRIMESTRE DO CURSO 22/23	CONEXIÓN A INTERNET ORDENADORES		Realizada
AO3.3: CAMBIAR O ASPECTO FÍSICO DA WEB	COORDINADOR TIC	FIN DO 3º TRIMESTRE DO CURSO 22/23	CONEXIÓN A INTERNET ORDENADORES		Realizada
					Aprazada
					Pendente
					Realizada
					Aprazada
					Pendente
					Realizada
					Aprazada

PARA FACELA MÁIS					Pendente	
------------------	--	--	--	--	----------	--

Área/s de mellora: INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO (C5)						
OBXECTIVO 4:	MELLORAR A ASISTENCIA TÉCNICA DO EQUIPAMENTO TIC DO CENTRO				Acadado	
Responsable:	EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	OS ARRANXOS E OS PEQUENOS PROBLEMAS INFORMÁTICOS SON ASUMIDOS POR UNHA ASISTENCIA TÉCNICA EXTERNA					
Valor de partida:	O 20% DOS PROBLEMAS INFORMÁTICOS SON SOLUCIONADOS POR UNHA EMPRESA EXTERNA, PARA OS RESTANTES DEPENDEMOS DO BO FACER DE COMPAÑEIROS DO CENTRO					
Valor previsto e data:	O 50% OS ARRANXOS E OS PEQUENOS PROBLEMAS INFORMÁTICOS SON ASUMIDOS POR UNHA ASISTENCIA TÉCNICA EXTERNA NUN 50%			20 DE XUÑO DE 2023		
ACCIÓN S A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORIZACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: ESTABLECER AS NECESIDADES DO CENTRO EN RELACIÓN Á ASISTENCIA TÉCNICA DO EQUIPAMENTO TIC	COORDINADOR TIC EQUIPO DIRECTIVO PROFESORADO	DURANTE TODO O ANO	RELACIÓN DE NECESIDADES		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2 SOLICITUDE Á CONSELLERÍA PARA DISPOR DE MELLOR ASESORAMENTO OU	EQUIPO DIRECTIVO	DURANTE TODO O ANO	DOCUMENTO OFICIAL PARA SOLICITUDE		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

SERVIZO TÉCNICO						
A04.3: ANALIZAR E BUSCAR UNHA EMPRESA NA CONTORNA QUE SE AXUSTE ÁS NECESIDADES DO CENTRO EN MATERIA DIXITAL.	COMISIÓN TIC EQUIPO DIRECTIVO	FIN DO 2º TRIMESTRE CURSO 22/23	INFORMACIÓN DAS DIFERENTES EMPRESAS QUE OFRECEN SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA		Realizada	
A04.4: ESTABLECER UN PROTOCOLO DE COMUNICACIÓN ENTRE O CENTRO E A EMPRESA PARA A RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS.	COMISIÓN TIC PROFESORADO SECRETARIO	FIN DO 3º TRIMESTRE DO CURSO 22/23	FORMULARIO DE SOLICITUDE DE ASISTENCIA TÉCNICA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: APOIOS E RECURSOS					
OBXECTIVO 5:	MELLORAR O EQUIPAMENTO TIC DO CENTRO			Acadado	
Responsable:	EQUIPO DIRECTIVO			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	PORCENTAXE DE EQUIPAMENTO TIC ACTUALIZADO				
Valor de partida:	O 25% DO EQUIPAMENTO TIC ESTÁ OBSOLETO (SOBRE TODO ORDENADORES DE SOBREMESA E PORTÁTILES), AÍNDA QUE FUNCIONAN SON LENTOS E PRECISAN DE ARRANXOS CONTINUOS				
Valor previsto e data:	O EQUIPAMENTO TIC RENÓVASE NUN 12% POR ANO ACADÉMICO		20 DE XUÑO DE 2023		
ACCIÓN S A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
	GRUPO DE		INVENTARIO DE CENTRO		Realizada

A05.1 REALIZAR UN INVENTARIO DE CENTRO PARA DETECTAR AS NECESIDADES	DINAMIZACIÓN TIC, EQUIPO DIRECTIVO	15 DE SETEMBRO	ACTUALIZADO		Aprazada	
					Pendente	
A05.2: DETERMINAR AS NECESIDADES DE EQUIPAMENTO TIC DO CENTRO (PROXECTORES, PANTALLAS DIXITAIS, ORDENADORES DE SOBREMESA, PORTÁTILES, TÁBLETES, ETC)		30 DE SETEMBRO			Realizada	
					Aprazada	
A05.3: SOLICITAR, ADQUIRIR E INSTALAR O EQUIPAMENTO TIC OBSOLETO	EQUIPO DIRECTIVO	15 DE OUTUBRO	CONVOCATORIA COLABORACIÓN DO ASESOR ABALAR UAC CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN		Realizada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnoloxicas

As aulas dos especialistas de PT e AL, a aula de Música e a aula de Educación Especial teñen equipos de sobremesa con sistema operativo Windows XP que non admiten actualizacións nin a instalación de programas que **se precisan para o traballo co alumnado con NEAE -no caso de PT e AL- e programas de edición e composición de música -no caso da aula de Música- son en total 7 equipos**, por iso precisamos de uns novos.

Precisamos a **renovación de 10 ordenadores portátiles de aula**, nove están nas aulas de Educación Infantil e un nunha aula de Educación Primaria polo uso e a data de fabricación.

Nas aulas dixitalizadas precisarán renovación, nos vindeiros cursos, algúns proxectores que xa están dando problemas actualmente. Actualmente precisaríamos 7 proxectores para as aulas de 1º e 2º de Educación Primaria.

4. Avaliación do plan

Realizaranse reunións periódicas de seguimento do plan, das persoas que conforman a comisión TIC do centro, para valorar o progreso e axuste do plan ó centro. Estas valoracións de progreso poderán apoiarse en cuestionarios ou instrumentos estandarizados ou realizado "ad hoc" para a comunidades educativa.

Cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar se o obxectivo proposto foi acadado e se é necesario realizar variacións no deseño das accións durante o curso para que as propostas se materialicen.

Coa análise destes indicadores, elaborarase un informe avaliativo final no que se recollerán os resultados, os aspectos a mellorar, os aspectos positivos e as propostas de mellora para vindeiros cursos.

5. Difusión do plan

Este plan está concibido como un documento vivo que contén os acordos acadados no centro relativos á dinamización e xestión dos recursos tecnolóxicos e á inclusión das TIC nas diferentes concrecións curriculares así, faise imprescindible que o mesmo sexa coñecido polos diferentes membros da comunidade educativa.

O alumnado coñecerá o Plan implicitamente mediante a participación do mesmo nas dinámicas e actividades propostas.

O equipo docente terá a disposición unha copia do Plan Dixital que será entregado ó comezo do curso ó coordinador/a de ciclo ó que estea inscrito. Ademais o Equipo Directivo transmitirá no primeiro claustro de cada curso as liñas xerais do Plan e as accións propostas para o mesmo.

O Plan Dixital estará publicado na páxina web do centro para facilitar o acceso ó mesmo ó equipo docente e tamén ás familias e resto de membros da comunidade educativa.